

ECONTADE

Xornal da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais



Plan de acción tutorial: Welcome Day

Dentro do plan de acción tutorial, o 30 de xaneiro, tivo lugar o Welcome Day para dar a benvida ao alumando entrante do segundo cuatrimestre no que a nosa Facultade recibiu 25 estudantes de América Latina, Europa e Asia. Na mesma liña, o 1 de febreiro, realizouse unha charla informativa sobre os convenios bilaterais de mobilidade con países de fóra do Espazo Europeo de Educación Superior e o 22 de febreiro outra sobre o programa SICUE.



Programa A Ponte

O 31 de xaneiro e o 1 e 2 de febreiro, recibimos máis de 550 estudantes de secundaria que viñeron interesarse polas titulacións do noso centro. O decano ofreceu unha charla de benvida destacando os elementos máis relevantes do noso centro e dos nosos estudos.

Ademais, os estudantes tiveron ocasión de visitar as nosas instalacións a través dun percorrido polo centro e puideron participar nalgunhas clases.

Para o desenvolvemento desta xornada, contamos coa colaboración das alumnas titoras do curso 22/23, que conduciron ao alumnado ao longo do percorrido e aportaron a súa visión do centro e dos nosos estudos.



ECONTADE

Xornal da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais



Aula profesional ECOADE

Co comezo do segundo cuadrimestre, anunciáronse as actividades, talleres e cursos que a AULA PROFESIONAL ECOADE propón para que o alumnado da Facultade poida complementar a súa formación. Algunha das propostas como o ciclo de cine ou o ciclo de conferencias xa comezaron no primeiro cuadrimestre e seguirán neste segundo. Tamén se ofrece ao alumnado a posibilidade de realizar diferentes cursos como os de Power Bi, R ou Libra.

USC FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS

Aula profesional ECOADE

2º cuadrimestre 2022/23

- Curso: Power Business Intelligence (1 ECTS)**
Febreiro-abril
- Taller: A sinatura dixital: usos e certificados dixitais**
15 de febreiro
- Curso: Introducción á xestión integral da empresa cun ERP (Libra)**
Marzo e abril
- Curso: Análítica de datos con R**
Marzo e abril
- Taller: Supera un proceso de selección**
29 de marzo
- Taller: Estás preparad@ para o teu primeiro día de traballo?**
27 de abril
- Ciclo de cine: A economía e a empresa no cine**
Ao longo de todo o cuadrimestre
- Ciclo de Conferencias: Aprendendo das empresas/institucións**
Ao longo de todo o cuadrimestre

Máis información e inscricións a través do teu correo @rai.usc.es e en ecoade.aulaprofesional@usc.es

Aula profesional ECOADE: Ciclo de cine "A Empresa no Cinema"

O 14 de febreiro tivo lugar a cuarta sesión do ciclo de cine *A Economía e a Empresa no Cinema*, coa proxección de *Adults in the Room*, de Kosta-Gavras, na que debatemos a política económica da Unión Europea na Grecia posterior ao 2008.



ECONTADE

Xornal da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais



Aula profesional ECOADE


Taller sinatura dixital



O 15 de febreiro, tivemos na Facultade a Brais Méndez, CEO de de Docuten, que veu impartir o taller sobre sinatura e certificados dixitais, ferramentas imprescindibles no funcionamento das organizacións. Este taller contou coa colaboración de Miguel A. Vázquez Taín, presidente do Colexio de Economistas de A Coruña.

Power Business Intelligence

O 17 de febreiro comezou o curso sobre Power Bi, unha poderosa ferramenta para a análise de grandes volumes de datos e que se prolongará durante os meses de marzo e abril. Este curso de 25 horas, dirixido principalmente ao alumnado dos últimos cursos, será impartido por Alfonso Rodríguez Sandiás e terá o recoñecemento dun crédito ECTS.



Cursos de Competencias en Información

O 20 de febreiro comezou o curso de Competencias en Información de nivel básico e o 27 o de nivel avanzado, organizados pola Biblioteca do centro. Estes cursos ofrecen contidos fundamentais para o desenvolvemento do traballo de fin de grao relativos ao tratamento da información e están recoñecido con un crédito ECTS.

CURSOS DE COMPETENCIAS EN INFORMACIÓN BUSC 2022/2023

ALUMNADO DE GRAO GRATUITO

1 CRÉDITO ECTS

NIVEL BÁSICO (2ª edición)

CANDO É O CURSO?
Do 20 de febreiro ao 22 de Marzo de 2023

ONDE SE DESENVOLVE?
Campus virtual da USC

COMO MATRICULARME?
Secretaría virtual da USC
Actividades, cursos e programas/Ofertas/
Cursos de competencias en Información (CCI)

CANDO MATRICULARME?
Do 10 ao 24 de febreiro de 2023

BIBLIOTECA DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS

SÁLLELLE PROVEITO Á TÚA BIBLIOTECA: FÓRMATE EN COMPETENCIAS EN INFORMACIÓN!

ALUMNADO DE GRAO GRATUITO

1 CRÉDITO ECTS

CURSOS BUSC 2022/2023

NIVEL AVANZADO (2ª edición)

CANDO É O CURSO?
Do 27 de febreiro ao 30 de marzo de 2023

ONDE SE DESENVOLVE?
Campus virtual da USC

COMO ME MATRICULO?
Secretaría virtual da USC
Actividades, cursos e programas/Ofertas/
Cursos de competencias en Información (CCI)


CANDO ME MATRICULO?
Do 17 de febreiro ao 03 de marzo de 2023

BIBLIOTECA DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS



Toma de posesión do Decano

O profesor Xoán Ramón Doldán García tomou posesión o 22 de febreiro como decano da Facultade nun acto institucional presidido polo reitor Antonio López no que reiterou o seu “compromiso inquebrantable” co centro que xa dirixiu nos últimos catro anos e no que agora inicia unha nova andaina. Entre os obxectivos deste novo mandato destacou a relevancia de poñer en valor o traballo docente que redunda nunha mellora da formación do estudiantado, e a necesidade de continuar traballando na reforma dos plans de estudos dos graos de Economía, xa en marcha, e de ADE.



Tamén destacou a importancia de seguir a impulsar a participación activa do alumnado na vida da facultade, principalmente nas aulas pero tamén en actividades complementarias á docencia. O Decano agradeceu as achegas de profesorado, persoal de administración e servizos e de alumnado nos últimos catro anos e lembrou que esta colaboración é imprescindible para seguir avanzando na mellora do funcionamento da Facultade.

Neste novo mandato, contará no seu equipo con Sesi Barcia Domínguez como Secretaria Académica, Adrián Dios Vicente como Vicedecano de Estudantes e Relacións Internacionais, Romina García Chas como Vicedecana de Calidade e Innovación Docente, Rosario Vidal Lopo como Vicedecana de Relacións coas Empresas e Institucións e Oscar Rodil Marzabal como Vicedecano de Organización Docente e Titulacións.

Promoción do PDI

Luis Otero González, do departamento de Economía Financeira e Contabilidade e Juan Carlos Reboredo Nogueira, do departamento de Fundamentos de Análise Económica son novos catedráticos de Universidade.



Convocatoria de Premios da Facultade

Como ven sendo habitual nos últimos anos, no mes de febreiro abríronse as convocatorias dos premios que anualmente se realizan na Facultade.

Así, convocouse o Premio Fulget á empresa ou colectivo empresarial galego do ano 2022, a organización galardonada pasará a formar parte do Comité Consultivo do centro.

Na aposta polo fomento da arte galega, que está no ADN do noso centro, tamén se convocou o concurso de pintura CreArte, vixente dende o ano 2011 e aberto a toda a sociedade dende a edición 2014-2016.

Co obxecto de recoñecer os traballos de fin de grao e máster máis destacados sobre cuestións relacionadas coa Economía dos Recursos Naturais ou do Medio Ambiente, convocouse a terceira edición dos Premios María del Carmen Lorenzo Díaz.



I Premio Innovación Docente e Convocatoria para actividades

O 3 de febreiro aprobouse en Xunta de Facultade a convocatoria do I Premio de Innovación Docente da Facultade. O obxectivo principal desta convocatoria é promover, recoñecer e difundir as boas prácticas docentes desenvolvidas polo profesorado do centro nos estudos de grao ou máster.

Con esta intención, crearase un repositorio de boas prácticas de innovación na web de Facultade para recoller e difundir as iniciativas premiadas ou outras presentadas á convocatoria e consideradas de interese polo xurado. O prazo de presentación de iniciativa comezou o 15 de febreiro e rematará o 15 de marzo.

Así mesmo, co obxecto de dinamizar as actividades de carácter cultural e científico no centro, organizadas por membros do estudantado, do profesorado ou do PAS, tamén se aprobou a convocatoria de axudas para a organización de actividades culturais, actividades complementarias á docencia, xornadas científicas ou congresos.



ECONTADE

Xornal da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais



Programa alumnado titor

Entre o 13 e o 27 de febreiro estivo aberta a convocatoria de alumnado titor para o vindeiro curso. O alumnado titor é unha figura moi relevante para o noso centro que colabora en diferentes tarefas como son a orientación do alumnado entrante ou de mobilidade, o desenvolvemento da xornada de benvida, as enquisas de satisfacción do alumnado ou a comunicación entre o alumnado e o equipo decanal. Este curso contamos con 5 alumnas titoras e agardamos ampliar o número para o curso próximo.






Acordos relevantes das Comisións da Facultade

Comisión de Calidade:

- 1 de febreiro: Ratificación dos informes sobre a execución das accións de mellora do Máster Universitario en Dirección de Empresas, do Máster Universitario en Turismo Urbano e Xestión de Empresas Turísticas, do Máster Universitario en Desenvolvemento Económico E Innovación e do Máster en Economía do curso académico 2021/2022. Aprobación da I Convocatoria o Premio de Innovación Docente e análise da problemática asociada aos títulos de máster.

Xunta de Facultade:

- 3 de febreiro: Aprobación do límite de prazas e PDA 2023-2024 de todas as titulacións do centro. Informe da memoria de execución do orzamento do 2022. Aprobación dos cambios na composición das comisións do centro. Conversión da Comisión de Modificación do Plan de Estudos do Grao en Economía en Comisión Redactora do Plan de Estudos do Grao en Economía. Aprobación da I Convocatoria do Premio de Innovación Docente. Aprobación da convocatoria de axudas para a organización de actividades culturais, actividades complementarias á docencia, xornadas científicas ou congresos na Facultade. Convocatorias dos premios Fulget, CreArte e María del Carmen Lorenzo Díaz a TFG/TFM sobre a economía dos recursos naturais e o medio ambiente.



Séguenos nas nosas redes sociais